

Arredor de Risco

Interpretación parcelar



HÉITOR MERA

Con todas as disensións que se presentan ante a figura de Vicente Risco, lermos un traballo como o de Alva Martínez sobre *O porco de pé* non pode presentarse doutro xeito que non sexa de enorme alegría, pois, por moito que se diga, Vicente Risco é un intelectual fundamental na conformación dun sistema cultural moderno en Galicia. Desde o seu liderado e superioridade moral e intelectual sobre todos os compoñentes da súa xeración (e aquí non falamos só dos escritores de Nós, senón que, por suposto, incluímos aos autores vangardistas), Risco dirixiu, aconsellou, levou adiante iniciativas que non lle quitaron tempo para ser un lector enorme así como ensaísta e creador de moi notable valía. Quizais o exemplo máis claro témolo c' *O porco de pé*, a súa obra máis coñecida e máis lida ao longo do tempo.

Martínez Teixeira fai un estudo moi agudo, tanto como para ser merecente do IV Premio “Ramón Piñeiro” de ensaio breve, sobre a novela de Risco cara a un obxectivo, fundamentalmente irónico e humorístico.

Valoramos do estudo dúas cuestións fundamentais: en primeiro termo está a comprensión e exposición dunha figura poliédrica e contradictoria no seu construto intelectual e ideolóxico. A autora deste ensaio analiza a obra de Risco sen perder de vista os tempos nos que foi escrita e o posicionamento ideolóxico do momento en canto que, Risco, se ben foi un intelectual cunha capacidade enorme, tamén é certo que desde o seu propio escepticismo caeu no continuo dilema e contradición propio do, como el mesmo se definiu, inadaptado que era. Esta definición fai que todo o que se poida dicir sobre os seus lances sexan cinguidos por unha coherencia final para ter en conta.

Por outro lado, entendemos que o estudo sistemático do humor e a ironía que se percibe n' *O porco de pé* son necesarias para entender a novela, o home e o seu tempo. Non esquezamos que como bo home de Nós estaba profundamente preocupado pola sociedade galega –velaí está a crítica social evidente– e pola cerna da cultura galega –velaí está o humorismo e ironía, trazo ontolóxico do galego–.

Alva Martínez pescuda nestas chaves risquianas con moito tino e saber e dá unha visión da novela que se pode entender atinada máis alá doutras proposta e diferentes disquisicións que puidera dar a obra. Cremos que é unha achega importante para os estudos sobre o intelectual ourensán e así debería figurar no futuro nas investigacións vindeiras dado que, xa é unha lectura importantísima se queremos afondar na narrativa de Vicente Risco.

MARTÍNEZ TEIXEIRO, Alva, *A pretensa nostalgia da autoridade*, Ed. Centro Ramón Piñeiro/Xunta de Galicia, Santiago, 2007, 117 páxinas.

